

DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL DO PERSOAL INVESTIGADOR

Curso presencial:

TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO E INTERACCIÓN CO SISTEMA DE I+D+i

30
PRAZAS

Data: venres 26 de setembro, 3 e 10 de outubro de 2025

Horario: de 09:30 a 15:00 h (días 26 de setembro e 10 de outubro),
de 09:30 a 14:00 h (día 3 de outubro)

Lugar de celebración: FEUGA (Aula 2)

Rúa Lope Gómez de Marzoa, s/n · 15705 Santiago de Compostela

Organiza

Axencia Galega de Innovación da Xunta de Galicia

Contido

A Axencia Galega de Innovación da Xunta de Galicia organiza unha nova edición do curso «Transferencia de coñecemento e interacción co Sistema de I+D+i». Esta actividade enmárcase no Programa Ignicia Transferencia de Coñecemento, dentro das actuacións orientadas a impulsar o desenvolvemento profesional do persoal investigador dos centros de coñecemento do Sistema Galego de I+D+i en aspectos relacionados coa colaboración e financiamento de actividades I+D+i, a valorización do coñecemento e a comercialización de resultados da investigación.

O curso está dirixido a persoal investigador posdoutoral e contratado con cargo a proxectos de universidades e organismos públicos de investigación, así como a persoas investigadoras e tecnólogas dos centros tecnolóxicos. O seu obxectivo é realizar unha aproximación á situación do Sistema Galego de Innovación e presentar as diferentes opcións dispoñibles para facilitar e mellorar a interacción entre o sistema científico e o tecido socioeconómico e produtivo.

Cunha duración total de 15,5 horas, esta formación gratuíta desenvolverase en tres sesións presenciais e buscará incentivar a participación da comunidade investigadora en actividades de intercambio de coñecemento.



Axenda

Venres 26 setembro

09.30 – 09.45 h

Inauguración do curso

09.45 – 12.00 h

O Sistema Galego de I+D+i e os seus actores

- Evolución e situación actual
- Coloquio cos principais actores
Moderador: Rogelio Conde-Pumpido Tourón, coordinador do estudo "A transferencia de resultados de investigación do Sistema Galego de I+D. Informe 2011-2018"
- **O rol das oficinas de transferencia de coñecemento no contexto da nova Lei da Ciencia**
María Isabel Docampo Ramos, directora da Oficina de Transferencia de Coñecemento (OTC) da Universidade da Coruña (UDC)
- **Os centros tecnolóxicos como vehículo de transferencia**
Fernando Val López, director xeral da Alianza Tecnolóxica Intersectorial de Galicia (ATIGA)
- **O papel dos clústeres empresariais para facilitar a interacción co tecido empresarial**
Noelia Dosil Mayán, coordinadora da Área de Innovación, Transformación Dixital e Emprendemento do Clúster Alimentario de Galicia (CLUSAGA) e responsable da Business Factory Food
- **Os hubs de innovación, un novo modelo para a innovación aberta**
Patricia Fraga María, coordinadora da Área de Biotech & Healthcare en DIH DATAlife

12.00 – 12.30 h

Pausa café

12.30 – 15.00 h

Vías de colaboración coa contorna socioeconómica e marcos de financiamento en materia de I+D+i

- Os contratos de I+D+i
- A I+D+i en colaboración con empresas
- Os convenios de I+D+i
- Outros acordos
- Convocatorias públicas e privadas de I+D+i
- Outras fórmulas de financiamento da investigación

Venres 3 outubro

09.30 – 11.30 h

A protección do coñecemento como ferramenta de transferencia

- Propiedade Industrial
- Propiedade Intelectual
- Outras fórmulas de protección dos resultados de investigación

11.30 – 12.00 h

Pausa café

12.00 – 14.00 h

A promoción das capacidades e resultados da investigación

- A importancia da comunicación nos procesos de transferencia de coñecemento
- A elaboración da oferta científico-tecnolóxica
- O plan de comercialización de resultados de I+D+i

Venres 10 outubro**09.30 – 12.00 h****A valorización e as vías de explotación do coñecemento**

- Procesos de valorización
- A maduración dos resultados da I+D+i: As probas de concepto
- Vías de explotación dos resultados
- Exercicio práctico

12.00 – 12.30 h**Pausa café****12.30 – 14.30 h****A creación de empresas baseadas no coñecemento**

- Converter os resultados de I+D+i en negocios
- A creación de spin-off nos centros de investigación
- Aspectos legais

14.30 – 15.00 h**Apoio da Axencia Galega de Innovación á valorización e á transferencia de coñecemento**

María José Mariño Fontenla, directora da Área de Talento e Transferencia da Axencia Galega de Innovación

Contacto

→ +34 981 957 000

→ ignicia.gain@xunta.gal

Inscripción

→ Ata o día 17 de setembro ás 14.00 h a través do formulario dispoñible na web do programa

Biografías das persoas formadoras



Ángeles López Lozano

Directora técnica, Oficina de Transferencia de Coñecemento, Universidade de Vigo

Ángeles conta cunha ampla traxectoria na promoción e xestión da I+D+i e da transferencia de coñecemento. Coordina proxectos de transferencia e fomento da investigación a nivel rexional, nacional e europeo, e participa como relatora e docente en xornadas, eventos e cursos centrados no sistema de innovación e nas interrelacións entre os seus axentes.

Foi avaliadora de proxectos do Programa Marco europeo, Eurostars e outros programas nacionais. Representou a misión transferencia en diversas delegacións internacionais en países como Brasil, Arxentina, Marrocos, Alxeria, Túnez, Cabo Verde, Portugal, Reino Unido e Francia. Forma parte habitual de xurados de premios ao emprendemento baseado no coñecemento e a tecnoloxía.

Foi coordinadora de RedOTRI e membro da súa comisión permanente, membro do comité executivo da asociación europea predecesora de ASTP e cofundadora da asociación profesional RedTransfer. En 2023, recibiu o premio nacional á traxectoria profesional no IPFest e, actualmente, é vogal da comisión permanente de RedOTC.

Está acreditada como profesional da transferencia (RTTP) pola Alianza Internacional ATTP. É licenciada en Dereito e Filoloxía, conta cun mestrado en Formación do Profesorado e é especialista en dereitos de propiedade industrial e intelectual.



Jose Jato Darriba

Técnico de transferencia de coñecemento, Universidade de Vigo

Jose iniciou a súa traxectoria profesional no ámbito da comunicación e a divulgación científica, contribuíndo á creación da Unidade de Cultura Científica da UVigo e coordinando accións de comunicación no Campus de Excelencia Internacional – Campus do Mar.

Dende 2017 forma parte da Área de Valorización da Oficina de Transferencia da Universidade de Vigo, onde apoia a maduración e explotación de resultados de investigación, con especial atención á protección do coñecemento e á xestión e acompañamento de proxectos de Proba de Concepto.

Conta con experiencia como formador en cursos especializados en transferencia, innovación e valorización, e está acreditado como profesional da transferencia (RTTP) pola Alianza Internacional ATTP. É licenciado en Publicidade e Relacións Públicas e en Comunicación Audiovisual pola Universidade de Vigo, e ten un mestrado en Dirección de Comunicación Empresarial e Institucional pola Universitat Autònoma de Barcelona.

